



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 21 de xaneiro de 2016  
**Hora de comezo:** 14.15 h  
**Hora de remate:** 15.00 h

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato  
Don Manuel Fernández Munín  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitude subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego 2016**
- 3. Convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa INDUSAL RIAS ALTAS SA, para a creación de emprego no concello**
- 4. Aprobación de gasto polo servizo de inserción de formato publicitario de Boqueixón (banner) na web da Voz de Galicia**
- 5. Asignación grupos políticos correspondente ó primeiro trimestre 2016**
- 6. Apertura sobres ofertas bancarias**
- 7. Aprobación facturas**
- 8. Aprobación dos padróns fiscais de saneamento e abastecemento 4º trimestre 2015**
- 9. Alta tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade**
- 10. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 11. Aboamento subvención á Fundación Amigos de Galicia**

- 12. Devolución cobros de actividades culturais e deportivas 2015-2016**
- 13. Renuncia concesión de licenzas de obras**
- 14. Reintegro de taxa por comunicación previa**
- 15. Alta no servizo de abastecemento**
- 16. Xustificación da subvención para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local**
- 17. Aprobación organización da “1ª Xornada Gastronómica da Filloa 2016”**
- 18. Devolución aval**
- 19. Solicitude subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga**
- 20. Solicitude subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais**
- 21. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de xaneiro do 2016.

### **2. Solicitude subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego 2016**

No DOGA número 248 do mércores 30 de decembro de 2015, saíu publicada a Orde pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

No artigo 2 punto 1a) recolle que poderán ser beneficiarias da subvención as entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local, cuxa titularidade corresponda integramente á mesma, sempre que por si soas ou asociadas teñan unha media de paro rexistrado no ano 2015 superior a 500 persoas.

No artigo 3 punto 1 recolle que serán funcións do persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego todas aquelas actuacións de información, orientación profesional, motivación, asesoramento, diagnóstico e determinación do perfil profesional e de competencias, deseño e xestión da traxectoria individual de aprendizaxe, busca de emprego, intermediación laboral e, en resumo, as actuacións de apoio á inserción das persoas beneficiarias.

Habéndose subscrito en data de 6 de febreiro de 2012 un convenio de colaboración entre o Concello de Touro e o Concello de Boqueixón para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

Tendo en conta que o mencionado convenio tiña de vixencia a correspondente á subvención outorgada no seu caso pola Consellería de Traballo e Benestar e tendo en conta ademais que a nova orde de convocatoria recolle no artigo 8.7 que a subvención poderá ter efecto retroactivo, sempre que non se interrompese a contratación e a prestación dos servizos polas persoas técnicas de información, orientación e prospección de emprego

financiadas ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 23 de decembro de 2014.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 30 de xaneiro de 2016.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

A. Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha axuda económica de 23.000€ para subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, durante un período de 12 meses.

A.1. Aprobar a memoria explicativa das accións que se van desenvolver na que se reflicte:

A.1.1. Ámbito xeográfico.

A.1.2. Atención colectivos con necesidades especiais.

A.1.3. Experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas.

A.1.4. Descrición das medidas de carácter ocupacional complementarias desenvolvidas pola entidade.

A.1.5. Recursos humanos, materiais e técnicos.

A.1.6. Metodoloxía do servizo

A.1.7. Descrición dos sistemas de avaliación propios da calidade dos servizos prestados aos demandantes de emprego.

A.1.8. Centros, persoal e subvención solicitada.

B. Prorrogar a contratación da traballadora máis abaixo relacionada, de acordo coas condicións seguintes:

- B.1. - Traballadora: Lucía Veleiro Ferreiro  
- Alta: 01/02/2016  
- Categoría profesional: Técnico en orientación laboral  
- Coste salarial bruto: 1.450,93€/mes = 17.411,16€ano  
- Seguridade Social Concello: 465,75€/mes = 5.589€ano  
- Grupo de Cotización: 1  
- Modalidade de contrato: 401 Obra/Servizo determinado  
- Duración do contrato: Dende 01/02/2016 ata 31/01/2017  
- Importe subvención: 23.000,00€  
- Aportación municipal: 0,16€

C. Aprobar a Addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Touro e o Concello de Boqueixón para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, asinada o 12 de xaneiro de 2016 e que terá vixencia ata o 31 de xaneiro de 2017.

D. Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### **3. Convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa INDUSAL RIAS ALTAS SA, para a creación de emprego no concello**

De entre os obxectivos en materia de emprego que ten o Concello de Boqueixón, está o de promover a inserción laboral dos desempregados/as deste municipio coa finalidade de contribuir á mellora da calidade de vida dos cidadáns e de participar na consolidación dunha estrutura económica máis diversificada, que permita crear emprego de calidade e que sirva para construír unhas bases sólidas de crecemento e de progreso.

Tendo en conta que o Concello de Boqueixón conta con tecido empresarial que pode ser fonte de emprego para o municipio.

E tendo en conta, así mesmo, que a empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A., está en constante expansión e precisa ao longo do ano de persoal para cubrir vacantes.

Por todo o exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio específico de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A, no que constan:

### **CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E A EMPRESA INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A. PARA A CREACIÓN DE EMPREGO NO MUNICIPIO DE BOQUEIXÓN**

En Boqueixón, o 18 de decembro de 2015

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Ovidio Rodeiro Tato, con DNI xxxxx en calidade de alcalde do Concello de Boqueixón, con CIF. P1501200H, con domicilio en Lugar de Forte s/n, código postal 15881, Provincia da Coruña, teléfono 981 513 061, e-mail: orientacionlaboralboqueixon@gmail.com

E doutra, Don Juan Carlos Piñeiro Gandarela, con DNI. xxxxx, como representante legal da empresa INDUSAL RIAS ALTAS, S.A, con domicilio en Pol. Ind. Sergude s/n 15881 Boqueixón (A CORUÑA), CIF A-36967354, teléfono 981 814 016

#### **EXPOÑEN**

Que o Concello de Boqueixón – como Entidade Local – ten como obxectivo en materia de emprego, promover a inserción laboral dos desempregados/as deste Municipio coa finalidade de contribuir á mellora da calidade de vida dos cidadáns, e de participar na consolidación dunha estrutura económica máis diversificada, que permita crear emprego de calidade e que sirva para construír unhas bases sólidas de crecemento e de progreso, e por outro lado, a empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A, busca dar resposta rápida e adecuada as súas necesidades de persoal.

Co propósito de conseguir o obxectivo proposto por ambas partes, celebran o presente convenio en base as seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **Primeira.- OBXETO DO CONVENIO**

O obxeto do presente convenio é a inserción laboral de desempregados inscritos no Servizo de Información, Orientación e Prospección de emprego do Concello de Boqueixón a través da empresa INDUSAL RIAS ALTAS, S.A, con domicilio en Pol. Ind. Sergude s/n 15881

Boqueixón (A CORUÑA), CIF xxxxx, teléfono 981 814 016, otorgando a esta a posibilidade de dar resposta rápida e adecuada ás súas necesidades de persoal.

### **Segunda.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente convenio desenvolverase no ámbito territorial do municipio de Boqueixón e será aplicable a empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A.

### **Terceira.- DURACIÓN**

A duración do presente convenio será dun ano prorrogable anualmente, a non ser que calquera das dúas entidades cun mes de antelación e por escrito poña en coñecemento da outra a intención de acollerse a non renovación.

### **Cuarta.- OBLIGACIÓN DAS PARTES**

O Concello de Boqueixón, asume as seguintes obrigacións:

- Realizar unha selección previa dos desempregados inscritos no Servizo de Información, Orientación e Prospección de emprego, en función do perfil demandado pola empresa.
- Manter actualizados os datos dos demandantes de emprego na base de datos do citado servizo.
- Dar resposta rápida e adecuada ás necesidades da empresa.

A empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A, comprométese a:

- Contratar aos desempregados do municipio de Boqueixón, acudindo ao Servizo de Información, Orientación e Prospección de emprego, como primeiro recurso, podendo acudir a outras vías, se a través do municipio non se satisface a demanda de emprego.

### **Quinta.- REMISIÓN DE DEMANDANTES**

O Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego, preseleccionará os demandantes en función do perfil demandado pola empresa solicitante, de entre os rexistrados na base de datos actualizada, elaborárase un listado e este será remitido á empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.L. que continuará co proceso selectivo ata chegar a acadar o número de traballadores preciso nese momento.

### **Sexta.- CESIÓN DE LOCAIS**

O Concello de Boqueixón, poñerá a disposición da empresa, en caso de ser preciso, salas de usos múltiples para a realización dos procesos selectivos.

### **Sétima.- PUBLICIDADE**

O presente convenio pode ser publicado nos medios de comunicación.

Así mesmo, os resultados acadados en virtude da posta en marcha do presente convenio, poderán darse a coñecer por calquer medio de difusión que empreguen ambas partes.

E estando ambas partes conformes co contido deste convenio, e para que así conste, fírmase por duplicado, a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Juan Carlos Piñeiro Gandarela

O alcalde

Representante da empresa

2. Comunicar este acordo a empresa INDUSAL RÍAS ALTAS, S.A.

#### **4. Aprobación de gasto polo servizo de inserción de formato publicitario de Boqueixón (banner) na web da Voz de Galicia**

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a inserción dun banner de Boqueixón dentro da web de La Voz de Galicia que redirixirá ós usuarios/as á propia web do concello de Boqueixón.

Aproveitando o maior número de visitas diarias á web deste medio, acadaremos facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, promoción do empresariado/ produtores locais, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

En base ó orzamento remitido por La Voz de Galicia, SL o servizo valórase en 1.331 € cun período de publicación que abrangue dende o 1 de febreiro ata o 31 de decembro de 2016.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o gasto de 1.331 € por o servizo indicad asentándoo na partida orzamentaria 432.226.02.
2. Establecer un único pago anual.
3. Comunicar este acordo á La Voz de Galicia, S.L.

#### **5. Asignación grupos políticos correspondente ó primeiro trimestre 2016**

O pleno da corporación en sesión que tivo lugar o 11 de novembro do 2015 acordou asignar ós grupos políticos municipais os seguintes importes para gastos de funcionamento do grupo:

Grupo político	Dotación fixa	Dotación variable
Partido Popular	200 €/ano	2.255 €/ano
Veciñ@s	200 €/ano	845 €/ano

Estas contías pódense transferir anualmente ou ben proporcionalmente cada trimestre e terán que ser xustificadas polo grupo político, unha vez recibidas, no mes seguinte á finalización da cada trimestre ou ben no mes de xaneiro do ano seguinte (2017 neste caso) según a data de percepción da contía.

Polo que, e sempre tendo en consideración o que cada grupo decida, sobre o período de percepción dos fondos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Ingresar ó grupo municipal do PP o importe de 613,75 € correspondentes ó primeiro trimestre do 2016.
2. Ingresar ó grupo municipal Veciñ@s o importe de 261,25 € correspondentes ó primeiro trimestre do 2016.
3. Comunicar a ambos grupos políticos que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

## **6. Apertura sobres ofertas bancarias**

Con data 30 de decembro do 2015, rexistro de saídas 1186, 1187, 1188 e 1189, remítense escritos as entidades bancarias ABANCA, BANCO PASTOR, BANCO SABADELL E BANKIA, nos cales se solicitan as condicións económicas pola xestión dos recibos bancarios xerados pola actividade administrativa municipal así como os posibles rendementos polos fondos existentes.

Nas seguintes datas recíbense as ofertas que a continuación se detallan:

1. O 12 de xaneiro, número de rexistro 039 o BANCO SABADELL presenta a seguinte oferta:

### **Gastos en conta corrente:**

- Com. mantemento - exenta
- Com. administración – exenta
- Com. operativas – exenta
- Com. por apunte – exenta

### **Ingresos en cheques e pagarés:**

- En praza – exenta
- Fora de praza – exenta

### **Transferencias:**

- En praza – exenta
- Fora de praza – exenta

### **Domiciliación de recibos en caderno 19**

- Emisión – exenta
- Devolución – exenta

### **Remuneración conta operativa:**

0,20 % TAE

2. O 13 de xaneiro, número de rexistro 049 ABANCA presenta a seguinte oferta:

### **Condicións financeiras para a cesión de recibos en formato de caderno 19:**

- Recibos cedidos – 0,00 €/recibo
- Devolucións recibos – 0,00 €/recibo

Ditas condicións serán extensibles para os recibos de abastecemento de auga, tanto a través do caderno 19 (domiciliados) como o cobro por ventanilla, en formato C60.

**Estas condicións irán acompañadas de :**

Transferencias SEPA – 0 €

Administración e mantemento de contas – 0 €

Emisión cheques – 0 €

Remuneración contas – 0% €

**Prazo:**

Estas condicións terán unha duración de 12 meses.

3. O 18 de xaneiro do 2016, número de rexistro 93, BANKIA presenta a seguinte oferta:

Por mantemento e administración de conta – 0 €

Por transferencias – 0 €

Por caderno 34 (nóminas e outros pagos) – 0€

Por presentación e devolución de recibos (caderno 19) – 0€

Remuneración en conta Sector Público – 0,10%

**Prazo:**

Estas condicións terán unha vixencia de 6 meses.

3. O BANCO PASTOR, non presentou oferta.

Á vista das ofertas presentadas e considerando a máis vantaxosa para o concello a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar a oferta presentada polo BANCO SABADELL, nas condicións que no apartado 1 dos antecedentes se sinalan e durante un prazo de 1 (un) ano a contar desde o seguinte día da comunicación deste acordo á entidade bancaria.

2. Dar conta deste acordo ó BANCO SABADELL e ás demais entidades bancarias que se presentaron.

3. Unha vez notificado este acordo ao BANCO SABADELL, proceder coa transferencia dos depósitos bancarios ao citado banco.

## 7. Aprobación facturas

### Con cargo ó orzamento do ano 2015

1. A Xunta de Goberno acorda aprobar seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2015, por un importe total de 54.038,30 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Picadilly School of English,SL – Clases de inglés mes de decembro 2015	334.22609	1.428,00
2	Matilde Calvo Suárez – Servizo Terapia Ocupacional mes de decembro 2015 – Contrato	231.22799	418,95
3	Foga, SL – Custo exceso fotocopias desde marzo a decembro + mantemento mes de xaneiro 2016	920.21300	1.106,54
4	Baygar, SL – Arranxo varredora	171.21000	660,44
5	Espina y Delfin,SL – Compra material da ETAP propiedade da	161.21200	2.549,47



	empresa		
6	Ferrecal, SA – Material de ferraxería para o mantemento do servizo de abastecemento de auga potable	161.21200	10.702,17
7	Disprex, SL – Caramelos para cabalgata de reis	334.22609	239,25
8	Autoeléctrico Sergude, SC – Arranxo vehículo 1600 B GZL	135.21300	31,54
9	Matilde Calvo Suárez – Material taller ocupacional de Nadal	231.22799	121,00
10	Gasóleos S.Benito, SL – Gasóleo A camión lixo e gasolinas maquinaria	162.1.22103	400,39
11	Atendo Calidade, SL – Servizo SAD Dependencia mes de decembro 2015	231.227.99	22.999,27
12	Atendo Calidade,SL – Servizo SAD libre concorrencia decembro 2015	231.227.99	1.922,01
13	Liquidación de gastos de Ricardo Romero Pérez – Desprazamentos ximnasia maiores en diferentes centros. ( outubro 15 -19/01/2016)	920.23000	344,66
14	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxos maquinaria xardíns	171.21300	318,88
15	Comercial Vehículos Industriales TAR, SL – Arranxo camión do lixo	162.1.21300	1.112,06
16	Artes Gráficas Alonso, SL – Calendarios e revista municipal	920.220.01	2.333,35
17	Liquidación de gastos de Tetiana Andriusko – Transportes mes de decembro voluntaria europea	920.23000	14,45
18	Almacenes Redondo – Material para varias obras municipais	151.21200	266,93
19	Almacenes Redondo – Material para varias obras municipais	151.21200	275,57
20	Liquidación de gastos de Eugenio Fernández Vieites – Transporte camión lixo a taller de Ourense	920.23000	110,01
21	Construccion Mosquera- Ampliación saneamento lugar Igrexa – Codeso	1532.21200	1.185,8
22	David Neira Fernández – Servizo de actividades culturais e deportivas mes de decembro	334.22609	1.927,53
		Importe	50.468,27

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2015:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
23	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mensual mes de decembro 2015	920.21600	594,00
24	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnico urbanística mes de decembro 2015	151.22700	1.917,85
25	Telefónica Móviles, SA – Contrato internet móbil ( 18/11/15-17/12/15)	920.22200	42,35
26	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Correos mes de decembro	920.22200	24,72
27	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono P. Civil mes de decembro	920.22200	30,75
28	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Alarma mes de decembro	920.22200	28,56
29	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Centraliña mes de decembro	920.22200	486,75
30	Telefónica España,SAU – Consumo teléfono Escola Infantil mes de decembro	920.22200	46,95
31	Telefónica España SAU –Consumo teléfonos móbiles ( 18/11/15-17/12/15)	920.22200	44,53
32	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de decembro 2015	920.22201	353,57
		Importe	3.570,03

Con cargo ó orzamento do ano 2016

2. A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que se aboarán con cargo ó presuposto do ano 2016 por un importe de 3.582,36 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
33	Laber Suministros y Gest. Comerciales, SL – Reactivos e chekers para analíticos abastecemento de auga	161.21200	205,70
34	Droga Conde,SA – Hipoclorito Sódico para abastecemento de auga	161.22199	314,60
35	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	13.22103	2.594,19
36	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro – Xornadas en Coruña RRHH	920.23000	55,20
37	Liquidación de gastos de José M. Souto Temes – Compra de chave universal para armarios – Abastecemento auga	161.212.00	29,25
38	Liquidación de gastos de JM Corral Sánchez – Portes entrega carteis festa da filloa	432.22600	11,10
39	Artes Gráficas Alonso, SL – Sobres americanos para oficinas	920.22000	295,24
40	Ascensores Enor,SA – Servizo mantemento ascensor casa do concello mes de xaneiro	920.21300	77,08
		Importe	3.582,36

## 8. Aprobación dos padróns fiscais de saneamento e abastecemento 4º trimestre 2015

A empresa “Espina y Delfín”, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 4º trimestre do ano 2015 terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.062

Servizo de saneamento: 1.361

-Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

## 9. Alta tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Concedese unha tarxeta de estacionamento

## 10. Concesión de axuda de emerxencia social

Concédese unha axuda de emerxencia social

## 11. Aboamento subvención á Fundación Amigos de Galicia

Con data 18 de febreiro de 2015 o Concello de Boqueixón asinou un convenio de colaboración coa Fundación Amigos de Galicia para o desenvolvemento do “Plan de loita

contra a pobreza e a exclusión social”, cuxo obxecto é a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos e os custos que isto implica entre as persoas necesitadas do Concello de Boqueixón.

O pagamento da subvención, consistente en 2000 €, fírase, segundo sinala o punto V do convenio, *nun único prazo efectivo unha vez presentada unha pequena memoria xustificativa especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida.*

Con data 4 de decembro de 2015 tivo lugar a entrada, a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación da Fundación Amigos de Galicia:

- Breve memoria da actividade desenvolvida.
- Conta xustificativa dos gastos e ingresos.
- Copia cotexada das facturas
- Certificados conforme a entidade atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificado bancario do código de conta corrente.
- Declaración responsable de publicidade da actividade

Polo exposto a Xunta de Goberno, acorda:

1. Facer o pagamento da contía de 2.000 € á Fundación Amigos de Galicia, correspondente á anualidade 2015 e con cargo ó presuposto 2015.
2. Dar conta ó Servizo de Tesourería

## 12. Devolución cobros de actividades culturais e deportivas 2015-2016

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 17 de setembro de 2015 aprobáronse as bases e os prezos das escolas culturais e deportivas 2015/2016.

Tendo en conta que algunhas persoas se inscribiron e por razóns xustificadas non puideron continuar na actividade, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Devolver os importes que se especifican a continuación:

Nome e apelidos	Nº conta	Titular	Actividade	Motivo	Importe pagado	Importe a devolver
Nieves xxxxx	xxxxx	Nieves xxxxx	Pilates Ledesma	Baixa en outubro	30 € (mes de out-nov)	15 € (mes de nov)
Eva xxxxx	xxxxx	José M. xxxxx	Inglés adultos	Non iniciou a actividade	50 € (meses out-nov)	50 € (meses out-nov)
Damián xxxxx	xxxxx	Patricia xxxxx	Inglés nenos	Baixa en decembro	40 € (mes de dec-xan)	20 € (mes de xan.)
						<b>85 €</b>

2.- Dar traslado deste acordo á Tesourería do concello para retirar estes importes e proceder á súa devolución.

### **13. Renuncia concesión de licenzas de obras**

#### Antecedentes:

Con data do 19/11/2015 e rexistro de entrada nº. 15/2210, por don Jesús xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase solicitude de licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar xxxx, parroquia de Boqueixón, a nome de don Jesús xxxxx e dona María del xxxxx, en base ao proxecto subscrito polo arquitecto don José Antonio Hernando Ezquerra, visado con data do 13/11/2015.

Así mesmo, figura na documentación presentada o documento xustificativo do abono da taxa municipal, polo importe de 325,68 €, en base á ordenanza fiscal correspondente.

Con data do 15/01/2016 e rexistro de entrada nº 16/73, dona María del xxxxx, con DNI xxxxx, solicita renunciar á concesión da licenza municipal de obras para a construción da dita vivenda unifamiliar, en base ao proxecto presentado.

Tendo en conta que de momento non foi aprobada a correspondente licenza municipal, e en base ao escrito presentado, a Xunta de Goberno acorda:

1.-Aceptar a renuncia de concesión da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar xxxxx, na parroquia de Boqueixón, a nome de don Jesús xxxxx e dona María xxxxx, en base ao expediente con rexistro de entrada nº 15/2210, de data do 19/11/2015.

2.-Proceder ao arquivo do expediente sen máis trámite.

3.-Notificar este acordo aos interesados.

### **14 .Reintegro de taxa por comunicación previa**

#### Antecedentes:

Con data do 23/11/2015 e rexistro de entrada núm. 15/2230, dona Belén xxxxx, con DNI nº. xxxxx, e outro, presentan nestas dependencias municipais unha comunicación previa de obras, para o acondicionamento das fachadas dunha vivenda unifamiliar existente (referencia catastral 001700200NH44D0001BU), que se empraza no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude.

Xunto coa documentación presentada, a solicitante achega os documentos xustificativos do abono da taxa municipal, así como do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), polo importe total de 174,02 euros (ingresados na conta bancaria do concello con data 23/11/2015), cando na realidade debería abonar 147,02 €, resultando ser esta última cantidade a suma dos importes correspondentes ao dito expediente: 61,62€ pola taxa municipal + 85,40€ polo imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO).

Por este motivo, requíreselle á interesada que presente o número de conta bancario, no que se lle poida facer efectivo o reintegro, por importe de 27,00 €, que por erro, ingresou de máis na conta do concello, o cal é facilitado posteriormente pola titular.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Reintegrar, a dona BELÉN xxxxx, con DNI nº. xxxxx, o importe de **27,00 €**, que por erro, con data 23/11/2015 ingresou de máis na conta do Concello, en concepto de taxa e imposto municipal, pola comunicación previa de obras, para o acondicionamento das fachadas dunha vivenda existente, con referencia catastral nº. 001700200NH44D0001BU, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude. Dito ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria: xxxxx.

2.- Comunicarlle este acordo á interesada

### **15. Alta no servizo de abastecemento**

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento, inclúese como beneficiaria de dito servizo á usuaria que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxas
María xxxxx	xxxxx	Gándara – Sergude, 15881 Boqueixón	<b>54,86 €</b>

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento para unha vivenda á usuaria que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexirán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento. Dita taxa xa consta ingresada nas arcas municipais, no número de conta xxxxx (Abanca), achegando a interesada o xustificante da transferencia realizada.

2.- Notificar este acordo á interesada.

### **16. Xustificación da subvención para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local**

No DOG nº 137 do 21 de xullo 2014 saíu publicada a Orde do 9 de xullo de 2014 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014.

Con data de 26 de decembro de 2014 (rexistro nº 14/2356) recíbese a Resolución da Consellería de Traballo e Benestar concedendo unha subvención de 4.835,71 € para a prórroga da contratación do AEDL María Cruz Ferreiro Sanín. Expediente número: TR351B 2014/38-1.

O artigo 16 da citada Orde referente ás obrigas das entidades beneficiarias, recolle o deber de presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, no prazo de dous meses, unha vez finalizado a súa execución a xustificación final do servizo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Que a subvención percibida para a prórroga da contratación do servizo denominado “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” e executado no período comprendido entre 12/12/2014 e 11/12/2015 destinouse aos fins para os que se concedeu e conforme ao disposto na normativa aplicable.

2.- Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)				CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS (no seu caso)	CUSTO SALARIAL MENSUAL	BASE DE COTIZACIÓN	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
dec 2014	752,73	125,46	878,19	1.003,65 *	32,10%	a	322,17	1.200,36
Xan 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
febr 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
mar-15	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
abr-15	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
maio 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
xuño 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
xullo 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
ago-15	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
set 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
out 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
Novembro 2015	1.188,52	198,09	1.386,61	1.386,61	32,10%	a	445,10	1.831,71
Decembro 2015	435,80	72,63	508,43	508,43	32,10%	a	163,20	671,63
SUBVENCIÓN XUSTIFICADA			<b>16.639,33</b>	<b>16.764,79</b>			<b>5.381,49</b>	<b>22.020,80</b>

\* Existe unha diferenza entre a base de cotización e o custo salarial mensual de 125,46 euros que corresponde coa parte proporcional da paga extraordinaria que por erro duplicouse.

3.- Aprobar a memoria final sobre a actividades realizadas polo AEDL que se acompañará na xustificación xunto con:

- Certificados de fin de servizo segundo modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- Nóminas aboadas á traballadora contratada
- Boletíns de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2)
- Resumen anual das retencións practicadas en concepto do IRPF, Modelo 190.
- Extractos ou cargos bancarios correspondentes.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Consellería de Traballo e Benestar na información que realizou do desenvolvemento das actividades.

5.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## 17. Aprobación organización da “1ª Xornada Gastronómica da Filloa 2016”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade “1as Xornadas Gastronómicas da Filloa 2016” é un proxecto de promoción do sector hosteleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado en actividades similares, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a organización das “1as Xornadas Gastronómicas da Filloa 2016” nos seguintes termos:

\*Calendario: 30 -31 de xaneiro e 6 -7- 9 e 13 de febreiro de 2016.

\*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

\*O prezo que os hostaleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 1,50 €

2.- O Concello de Boqueixón asumirá os seguintes custos:

- Colaboración na organización.

- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, spot tv, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).

- Financiamento da cartelería e tarxetóns informativos.

3.- Os establecementos hostaleiros participantes realizarán as seguintes achegas:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.

- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.

4.- Dispor da asignación orzamentaria para facer fronte á achega municipal.

## **18. Devolución aval**

O día 14 de xaneiro do 2016 co número de entrada 16/061, preséntase no rexistro municipal do concello de Boqueixón un escrito da empresa Arboreda Servizos Forestais, SL solicitando devolución de aval, en relación coa tala, lugar de depósito, carga e transporte de madeira.

O responsable do departamento de Obras do Concello de Boqueixón, don José María Souto Temes, fai constar mediante informe o seguinte:

*“1º.- Con data de 23 de outubro de 2015 foi emitido un aval pola entidade bancaria Bankinter SA, a favor da empresa Arboreda Servizos Forestais, SL por importe de 3.100 €, para responder dos deterioros que puidera producir o avalado nas viais e limpeza dos restos das operacións de carga de depósitos de madeira, ante o concello de Boqueixón, por corta de madeira.*

*2º.- Na mesma data a citada empresa solicita corta de madeira na parcela 757 y 578 no polígono 514 en Boqueixón.*

3º.- *Que con data 14 de xaneiro do 2016 co número de entrada 16/061, a empresa solicita a devolución de dito aval.*

4º *Por tanto, unha vez personado e realizadas todas as verificacións pertinentes no lugar de dita corta, compróbase que non existe ningunha anomalía, nin observacións ó respecto.*

*Boqueixón, 18 de xaneiro de 2016”*

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

-Devolver á empresa Arboreda Servizos Forestais, SL, a fianza presentada para tala, lugar de depósito, carga e transporte de madeira, por importe total de 3.100 €.

### **19. Solicitude subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga**

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016 (DOG. núm 248, martes 30 de decembro de 2015).

Compre salientar que a Orde establece no artigo 2, punto 5 unha asignación para cada entidade solicitante dunha axuda inicial equivalente ás contratacións que correspondan en función do número de persoas perceptoras de Risga.

A Orde establece no artigo 10 que o período de contratación subvencionable será de sete meses e a xornada de traballo será como máximo do 75%, non podendo en ningún caso ser inferior ó 50%. A citada Orde indica que os traballadores contratados deberán ser perceptores de Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar o servizo denominado “mantemento de espazos públicos”, composto por 2 operarios de servizos múltiples.

2 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de 2 traballadores desempregados para realización do mencionado servizo, cunha xornada laboral do 75%.

3 Dispor de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non subvencionadas, para a realización do servizo anteriormente citado.

4 Dispor dos terreos e instalacións necesarias para realizar as tarefas dos operarios de servizos múltiples.

5 En relación ó cálculo da subvención do servizo para o que se solicita a subvención, as retribucións salariais dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas



por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as

Nº TRA B	G-C	OCUPACIÓN	CNAE (4 díxitos) Ocupa ción (letra)	CUSTOS UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRO NAL A.S.S.	COTA PATRO NAL S.S.	TOTAL CUSTO MEN SUAL	DURA CIÓN CONTRA TO EN MESES	TIPO XOR NADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10	Operario de servizos múltiples	G	869,08 €	34,70	301,57 €	1.170,65 €	7	75	16.389,10 €
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>										16.389,10 €

cotizacións empresariais á seguridade social, queda como segue:

6 Coñecer e aceptar as bases reguladoras recollidas na convocatoria.

7 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## **20. Solicitude subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais**

Vista a Orde do 29 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016 (DOG. núm. 248, mércores 30 de decembro de 2015).

A orde establece no artigo 10, o procedemento de concesión das axudas por concorrencia competitiva e no mesmo artigo 10, punto 4, establece a preferencia de proxectos que sendo de maior interese xeral e social, se realicen preferentemente nalgunha das seguintes actividades: hasta 15 puntos, cando se trate de obras ou servizos relacionados con protección e mantemento de zonas e espazos naturais. Cando os proxectos correspondan a servizos de salvamento e socorrismo, incrementaranse 20 puntos. O artigo 6, punto 3 establece que as entidades solicitantes deberán presentar unha solicitude por cada obra ou servizo a desenvolver.

A orde establece no artigo 5º as contías máximas de subvención que percibirá cada entidade beneficiaria para os efectos salariais incluíndo a cotización empresarial á seguridade social, por cada persoa traballadora desempregada contratada segundo o grupo de cotización.

No artigo 5 apdo 1.F establece que a duración dos contratos de persoas desempregadas non supere os tres meses desde o inicio se é a tempo completo.  
Se é a tempo parcial, ata o 50 %, pode ser de 6 meses.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a solicitude do “Servizo de salvamento acuático”: 1 socorrista acuático, e do “Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais”: 3 operarios de servizos múltiples.

2. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación anticipada de traballadores desempregados para a realización do mencionado servizo.

3 Aprobar a memoria do “Servizo de salvamento acuático” e “Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais” e a vinculación do programa de cooperación solicitado coa estrutura do paro no ámbito territorial por cada un dos servizos citados.

4 Dispor de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non subvencionadas, para a realización dos servizos anteriormente descritos.

5 En relación ó cálculo da subvención dos servizos para o que se solicita a subvención, tal e como establece o artigo 7, punto 1, apartado d) da Orde de convocatoria, as retribucións salariais dos traballadores e traballadoras, en computo mensual desagregadas por

Nº TRAB	G-C	OCUPACIÓN A TEMPO COMPLETO	CNAE (4 díxitos) Ocupación (letra)	CUSTOS UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRONAL A S.S.	COTA PATRONAL S.S.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XOR NADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	8	Socorrista acuático	9329	994,28 €	34,10	301,57 €	1.333,33€	2	100	2.666,66 €
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>										2.666,66 €

conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á seguridades social, queda como segue:

### Servizo de salvamento acuático:

Nº TRAB	G-C	OCUPACIÓN A TEMPO COMPLETO	CNAE (4 díxitos) Ocupación (letra)	CUSTOS UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRONAL A S.S.	COTA PATRONAL S.S.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XOR NADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
3	10	Operario de servizos múltiples	G	1.187,25 €	34,70	411,98 €	1.599,23 €	3	100	14.393,07 €
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>										14.393,07 €

### “Servizo de mantemento de zonas e espazos naturais”:

6 Coñecer e aceptar as bases reguladoras recollidas na convocatoria.

7 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## 21. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde